

## **COMUNICADO Nº1**

### **ROADBOOK E ITINERARIO**

O roadbook e itinerario estarán disponibles hoxe xoves as 19h para ser descargado polos participantes na páxina web da FGA.

### **RECOLLIDA DE DORSAIS - RECOÑECEMENTOS**

Lémbrese a tódolos participantes que o día que fagan os recoñecementos dos treitos deben recoller na estación de servicio Galuresa, no polígono de pocomaco, as bolsas cos dorsais e publicidade obrigatoria, xa que as verificacións administrativas quedaron feitas ca inscrición.

Nas verificacións técnicas deberán presentarse cos dorsais e publicidade obrigatoria pegada correctamente no vehículo.

Deberán ser presentados tamén os recibos de seguro e ITV que non o tivera antes do peche de inscrición.

### **RECOÑECEMENTOS TREITO “A CORUÑA”**

Dende o P.K 1,380 ata o P.K 2.490 debe realizarse a pe, xa que é un parque ca circulación de vehículos prohibida.

### **HORARIOS DE VERIFICACIÓN TÉCNICAS**

Os próximos días será publicado o horario de verificacións técnicas, tanto para os que realicen o shakedown como os que non.